

TONI ERDMANN

[Maren Ade, 2016]

192

ESTREA EN NUMAX: 20.01.2017 | V.O.S.E.

Toni Erdmann (2016, 162')

Dirección: Maren Ade

Guión: Maren Ade

Elenco: Peter Simonischek, Sandra Hüller, Lucy Russell, Trystan Pütter, Hadewych Minis, Vlad Ivanov, Ingrid Bisu, John Keogh, Ingo Wimmer

Dirección de arte: Malina Ionescu

Son: Erik Mischijew, Matz Müller

Música: Michael Masser

Fotografía: Patrick Orth

Montaxe: Heike Parplies

Produtora: Komplizen Film (Alemaña), Coop99 Filmproduktion (Austria), KNM (Suíza)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Alemán, Inglés, Romanés

FILMOGRAFÍA

Entre nosotros, 2009

Der Wald Vor Lauter Bäumen, 2003

Vegas, 2001 [Curtametraxe]

Ebene 9, 2001 [Curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2016 (Premio FIPRESCI e Sección Oficial), Donostia 2016 (FIPRESCI), Sevilla 2016 (Premio do Público e Eurimages), Bruxelas 2016 (Iris de Ouro, RTBF TV e Premio Especial do Xurado), Premios do Cinema Europeo 2016 (Mellor Filme, Dirección, Guión, Actor —Peter Simonischek— e Actriz —Sandra Hüller—).

SINOPSE

Winfried decide visitar á súa filla Ines, que traballa en Romanía. Pero nin a moza espera a chegada do seu pai nin el agarda vela tan cambiada. O pai, que ás veces a amola e outras a avergonza, vai axudala a dar sentido á súa vida cun personaxe imaxinario: o divertido Toni Erdmann.

«Traslada a magnífica observación humana dos seus anteriores filmes a un reino delicioso e inesperadamente cómico»

Guy Lodge, VARIETY



“Como espectadora a miúdo me identifico máis cos personaxes masculinos”

Entrevista a Maren Ade

Por Fabien Lemercier

Abordar o tema dunha familia complicada foi o punto de partida para facer este filme? Si, hai tempo que quería facer un filme sobre a familia, sobre o papel que xoga cada membro da familia e sobre as cousas que se repiten constantemente nese contorno. Por unha parte sentimos un forte desexo de romper coa nosa familia, de comezar de cero. E por iso no filme está o pai, que é un bufón, e despois asume outro papel, o de Toni, que me deu a oportunidade de contar cousas desa familia doutro xeito.

Como desenvolviches a relación pai-filla que constitúe o centro do filme? Mentres escribía o guión decateime de que unha relación entre un pai e unha filla é moi intensa, está chea de sentimentos agochados a varios niveis, é unha especie de amor segredo. Quixen amosar as súas complexidades, tentei ser rigurosa no relativo aos personaxes e ao que pasa con eles, pensando sempre coma se estivese na súa pel. Incluso se algunhas cousas non eran moi críbeis, quixen que todo fose posíbel e lóxico, e que os sentimentos destilasen verdade. O filme precisaba dun certo realismo, porque doutro xeito nunca te identificarías coa historia. Así que fixemos moito traballo de emocións. As leas internas tiñan que transmitirse ás persoas espectadoras, e ao tempo ser fieis á historia.

Como che gusta traballar? Daslles aos actores un guión final? Fas moitos ensaios? Traballo durante moito tempo no guión, e unha vez que remato fago o casting. Despois, utilizando o guión como base, traballamos moito e moi duro, e especialmente cos actores. Neste filme non cambiei moito o guión, pero ocasionalmente si que o modifiquei en relación aos actores, mesmo durante as propias tomas. E ensaiamos arreo con eles. Sandra Hüller e Peter Simonischek

coñécense ben na escena, están afeitos a facer longos ensaios.

Por que escolleches Bucarest como marco principal para a trama? A muller nova da historia traballa no estranxeiro, no mundo da empresa, e pensei que Romanía podería ser un país interesante pola súa íntima relación económica con Alemaña. Despois da caída do comunismo, moitas empresas alemanas e austríacas interesáronse por Romanía. Hai multinacionais alí e por tanto moitos proxectos para consultores. Interesoume o feito de que hai unha caste de xerarquía entre os países da Unión Europea, e tamén no caso dos negocios. Finalmente, xunto ao feito de que temos unha boa relación cunha co-produtora local, Romanía é un país que me fascina porque me encanta o cinema romanés —o de Mungiu e Puiu, por exemplo—.

Dixeches que non querías facer énfase no feminismo na túa aproximación á personaxe principal. Cres que a corrente de debate é excesivamente simplista? Houbo xente que me dixo que o carácter de Ines era frío. E como hai moitísimo debate en materia de igualdade de xénero todo o mundo quere saber a miña opinión sobre iso. Pero aínda que a personaxe é unha muller real e eu son unha directora, non é máis nin menos importante o meu punto de vista só porque ela sexa unha muller. Non deberíamos quedar atascados no tema do xénero. Téñome sentido moi próxima a varios dos meus personaxes, e como espectadora a miúdo me identifico máis cos personaxes masculinos. Cando vexo a James Bond zoscando identifícome con James Bond e non coas mulleres. Así que non hai necesidade de obsesionarse con que o carácter de Ines non é moi feminino.

Publicado en cineuropa.org
Tradución: Olalla Cociña

Un cinema,
unha libraría
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org